



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Aprobación do padrón do prezo público polo Servizo de Axuda no Fogar do mes de abril de 2025

Por Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 111/2026, do 11 de febreiro, acordouse:

Primeiro: Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de abril de 2025, tendo en conta as horas efectivamente prestadas polo servizo de axuda no fogar nese período, que comprende 99 recibos e 15 cotas cero dun total de 114 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de *doce mil cen euros con setenta e oito céntimos* (12.100,78 euros) desde Aguiar Miras Ana a Vivero Vázquez Concepción.

Segundo: Expor ao público o padrón que se aproba mediante edicto que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, por prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Durante dito prazo, o padrón aprobado estará a disposición do público nas oficinas do departamento de Servizos Sociais situadas na rúa Río Barcés núm. 4, A Barcala, Cambre.

Terceiro: Establecer o período de cobramento en período voluntario que abranguerá dende o 13/03/2026 ao 13/05/2026, ambos os dous incluídos. Transcorrido o mesmo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que legalmente procedan e, de ser o caso, as costas derivadas do procedemento de prema de acordo co previsto nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Os recibos que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes nos dez primeiros días do período voluntario de pago.

Cuarto: Dar conta da presente resolución á Intervención e á Tesourería municipal a través da plataforma TEDEC

Contra as liquidacións incorporadas aos padróns todas as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante esta concellería, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público dos padróns. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Cambre, 19 de febreiro de 2026

O concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico
PD. (R.A. nº 396/2025, do 30 de abril)

Rubén Vázquez Pérez